

THE RAPANTS

***Rue Franklin*, o novo sinxelo de The Rapants, xa está dispoñible**

O tema, publicado hoxe mércores 14, é o segundo adianto do novo álbum da banda muradá, nomeado *La máquina del buen rollo*, e que verá a luz o vindeiro mes de marzo



Muros, 14 de febreiro de 2024.- *Rue Franklin*, o novo tema da banda muradá The Rapants, [xa está dispoñible nas principais plataformas dixitais](#). Trátase do segundo avance do LP *La máquina del buen rollo*, álbum que se publicará nas vindeiras semanas e para cuxa festa de presentación -unha dobre celebración que terá lugar os días 23 e 24 de marzo na Sala Capitol de Santiago- xa non quedan entradas dispoñibles.

Rue Franklin -cuxo nome rende homenaxe a unha vía de Bruxelas coñecida pola banda- é un tema de esencia disco, dando así continuidade á liña marcada por [Blaster W4u](#), o primeiro sinxelo do LP, aínda que nesta ocasión a creación é máis rockeira e enérxica; algo que tamén acontece con outros temas dun álbum cuxa variedade estilística poderá escoitar o público a partir do mes de marzo.

O novo adianto de *La máquina del buen rollo* tamén conta cun videoclip, dirixido nesta ocasión por Manu Seoane. “*Vivimos mil anos en un*” canta The Rapants no tema, unha idea que serve como punto de partida para que tanto os catro membros do grupo coma a parella protagonista -interpretada por Eva Ramudo e José Santamaría- viaxen desde o salvaxe oeste até os anos 80. Rodado en localizacións como a Discoteca La Luna de Pontevedra, ou na Hípica e Granxa Escola Bergando de Negreira, [a peza audiovisual pódese ver a través de Youtube](#).

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants | The Office Comunicación
Lucía Pita. 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es